

## PRESENTACIÓN

O próximo curso celebraremos o corenta aniversario da creación da Facultade de Ciencias Económicas e Empresariais: nova, se a comparamos con outros centros da nosa Universidade que cumpriron hai algúns anos o seu quinto centenario, pero coa madureza dunha traxectoria amplamente recoñecida tanto no ámbito científico coma no social.

Naqueles anos de penurias, un grupo de profesores, entre os que se atopaba Andrés Suárez Suárez, contribuíron de forma absolutamente altruísta a cubrir as carencias docentes dun centro que empezaba a dar os seus primeiros pasos. A súa contribución non só se limitou a esta etapa inicial, pois a súa tutela e apoio foi continuo e clave para o asentamento dos estudos de Economía da Empresa en Galicia. No caso do noso querido amigo, como se reflicte neste número monográfico, non só estamos ante un dos máis brillantes científicos no campo da Economía da Empresa senón tamén ante un home profundamente comprometido coa súa terra.

A súa incorporación como *Doutor Honoris Causa* no ano 2001 non facía máis ca referendar o agradecemento da comunidade universitaria cara a un profesor e investigador excepcional. Tiven o privilexio de ser o seu padriño no acto da súa investidura e, á vez, testemuña do orgullo que para el representou o seu nomeamento. Foi profeta na súa terra, algo que non adoita ser habitual.

Desgraciadamente, fósenos logo dunha longa e penosa enfermidade que soubo afrontar con valentía e resignación, coa mesma discreción que mantivo como principio ao longo de toda a súa traxectoria vital, e nunha etapa na que os seus traballos nos mostraban o máis sobresaliente do seu xenio creativo. Perdemos un mestre que nos deixou orfos da súa sabedoría, da súa xenerosidade e, sobre todo, da súa amizade.

O número monográfico de homenaxe a Andrés Suárez comeza cos traballos de Emilio Pérez Touriño e de Pedro Solbes Mira e remata co de Xavier A. Olariaga. Estes traballos recollen vivencias compartidas co noso lembrado amigo e cuxa lectura nos proporciona unha visión moi significativa da dimensión humana do profesor Andrés Suárez.

A segunda parte recolle un conxunto de traballos de investigación que, curiosamente e sen unha idea preconcebida, abranguen áreas que no seu momento constituíron inquietudes científicas do profesor Suárez.

No primeiro traballo, “Redes bayesianas e risco operacional”, campo no que o profesor Suárez realizou as súas primeiras publicacións nos anos sesenta, o profesor Félix Doldán Tié proporcionáanos unha descrición elemental do mecanismo de cálculo dunha rede bayesiana, destacando a importancia desta ferramenta na estimación do risco operacional na banca, dentro do marco das novas normas emanadas dos Acordos de Basilea para a xestión de riscos. O traballo inclúe dúas recompilacións de “software” sobre redes bayesianas, coas súas principais características, obtidas de internet, coma unha axuda para iniciar un traballo en profundidade sobre o tema.

No segundo artigo, “Felicidade pública e libre mercado. O xurdimento de valores liberais na Ilustración galega”, o profesor Fausto Dopico realiza unha síntese biográfica dos autores máis relevantes da Ilustración galega: Pedro Antonio Sán-

chez, Luis Marcelino Pereira e Lucas Labrada, dos que se analizan os aspectos máis significativos da súa obra. No traballo móstrase como entre os ilustrados galegos predominan as formulacións moderadas e que, cando se enfrontan aos problemas socioeconómicos, con frecuencia non van máis alá de pedir a reforma dos aspectos máis inxustos e ineficaces da sociedade do Antigo Réxime, sen cuestionar as súas bases ideolóxicas e éticas fundamentais. Algúns escritores, porén, si se fan eco das propostas máis radicais da Ilustración europea e defenden ideas que só se poden desenvolver nun marco xurídico-político de corte claramente liberal.

O traballo da profesora María Pilar Freire Esparís, “Unha aproximación aos procesos de cambio na Galicia rural a través da análise dos concellos de Brión e de Padrón (1850-1970)”, aborda o estudo do proceso de cambio socioeconómico e demográfico de dous municipios que constituíron a contorna vital do profesor Suárez –natural de Luaña (Brion)– e nos que se desenvolve a trama dalgunha das súas contribucións literarias (*Mirando pra Luaña e O raposo Careto*). Os municipios coruñeses de Brión e de Padrón, inseridos ambos os dous nun mundo de innegable protagonismo agrario e en zonas moi próximas xeograficamente, mostran, non obstante, na súa paisaxe actual as pegadas dunha evolución histórica con características socioeconómicas e demográficas diferenciadas. Lonxe de revestir estas diferenzas un caso excepcional no territorio de Galicia, caracterizado, como é notorio, pola súa marcada diversidade interna dentro dun conxunto máis amplo de notable uniformidade, subministra abondosos elementos de análise para achegármolos a unha máis adecuada comprensión dos procesos de cambio na Galicia rural na época contemporánea.

A contribución de Andrés Suárez no ámbito financeiro ten o seu reflexo na obra *Decisiones óptimas de inversión y financiación*. Desde a súa primeira edición, no ano 1977, foi a obra de referencia para a maior parte das facultades de Ciencias Económicas e Empresariais. Nel recóllese a anovadora concepción da empresa coma unha corrente de fluxos financeiros e sintetízanse os fundamentos das novas correntes financeiras. Neste campo destaca o traballo presentado por Juan R. Quintás Seoane, “A xestión do risco normativo no sistema financeiro”, no que se analiza, en primeiro lugar, a contorna normativa actual coma unha contorna de risco, facendo fincapé na preocupación que esperta a súa xestión (tendo en conta o seu crecente impacto na estrutura de custos das entidades) e indagando nas causas que explican os seus actuais niveis de complexidade e de esixencia. A continuación, achéganse as claves básicas para unha adecuada xestión do risco normativo, distinguindo dous niveis: a xestión colectiva, a través das asociacións patronais (ás que cabe reservar un papel destacado, sobre todo de cara á optimización de esforzos colectivos), e a xestión individual, que deberá xirar en torno á articulación dunha función de cumprimento áxil e eficiente. Por último, o autor revisa o caso español e reflexiona sobre a necesidade de racionalizar o proceso regulador no noso país a través de instrumentos tales como as valoracións de impactos, o fomento da transparencia ou a implantación de principios de “mellor regulación”.

Se cadra, só as persoas que por avatares do destino teñen que desenvolver o seu traballo lonxe da súa terra aprecian como ninguén a súa ausencia. O profesor Suárez foi un deles. As súas raíces galegas afondan no afastamento, e ese sentimento faille adquirir o compromiso de loitar cada vez máis por Galicia. Esta pre-

ocupación polos galegos que, desgraciadamente, non atopan oportunidades na súa propia terra é unha constante nalgunha das súas publicacións.

O artigo de María Xosé Rodríguez Galdo e de Xosé Cordero Torrón, “Emigración e mercado de traballo. Españois en Arxentina (1882-1926)”, entronca perfectamente con esta inquietude. Neste traballo preséntanse as posibilidades que ofrecen as series de inmigración arxentinas entre os anos 1882 e 1926 á hora de realizar un estudo sobre a contribución española á formación do mercado de traballo naquel país, con necesidades urxentes de incorporación de man de obra. Destácase a contribución dos homes e das mulleres españois, resaltando a representación destas últimas, que non fora contemplada en traballos realizados sobre outras series estatísticas.

Na mesma liña de preocupación atópase o traballo “Paternalismo empresarial e «desarrollismo». Reflexións sobre a construción do poboado mineiro de Fontao”, de María Xosé Rodríguez Galdo e Abel F. Losada Álvarez, no que se estuda a creación dun espazo urbano-industrial na contorna das minas de estaño e volframo de Fontao (Pontevedra), enmarcándoo no proceso de modernización da empresa mineira. A política de xestión da man de obra recolle, en parte, os presupostos do chamado “paternalismo industrial”.

A súa etapa de conselleiro do Tribunal de Contas de España deu como froito obras que constitúen unha profunda reflexión sobre o sistema económico de mercado, a empresa pública e a intervención do Estado: *La empresa pública y su control*; *El control o fiscalización del sector público. Auditoría de eficiencia*; *La moderna auditoría*; e *Orden económico y libertad*. O artigo de Pascual Sala Sánchez, “A responsabilidade contable na nova Lei xeral orzamentaria”, enmárcase dentro desta preocupación: a nova Lei xeral orzamentaria (Lei 47/2003, de 26 de novembro) amplía determinados aspectos da responsabilidade contable, recollida no título VII da Lei, que estaban insuficientemente regulados no texto anterior tanto no ámbito subxectivo coma no obxectivo e, así mesmo, a referencia á necesidade de dolo ou de culpa grave na actuación determinante da responsabilidade. Neste traballo analízanse eses aspectos e tamén os feitos que poden xerar responsabilidade contable: o alcance ou malversación de fondos públicos, a administración de fondos públicos sen suxeitarse ás disposicións que regulan a súa liquidación, recadación ou ingreso no Tesouro, e os compromisos de gastos e a ordenación dos pagamentos sen crédito suficiente para pagalos. Finalmente, ademais dunha recompilación, realízase un exame particularizado da figura da responsabilidade, que consiste na falta de xustificación dos fondos recibidos en concepto de subvención.

Por último, recóllense os discursos de investidura e as *laudatios* dos doutoramentos *Honoris Causa* polas Universidades de Sevilla, de Santiago de Compostela e da Rey Juan Carlos de Madrid, que nos permiten aproximarnos ás inquietudes do profesor Suárez ao longo da súa dilatada traxectoria universitaria e ás contribucións científicas que mereceron o recoñecemento da comunidade científica.

Só resta por dicir del que foi un dos “bos e xenerosos”.

JOSÉ ANTONIO REDONDO LÓPEZ  
Coordinador